

Relatos gañadores

Concurso  
de  
microrrelatos



.gal

Colabora  
**Luzes**

## 200 PALABRAS PARA CONTAR O MUNDO

### Microrrelatos gañadores do concurso convocado pola Real Academia Galega e PuntoGal (2018)

A lingua é o noso primeiro e esencial elemento de identidade como galegas e galegos. Con ela comunicámonos e expresamos opinións, sentimentos e emocións, feitos e desexos. Con ela demostrámonos, e demostrámoslles aos demais, quen somos colectivamente. No mundo real e, cada vez máis, tamén no virtual.

Na amplificación que brinda o ciberespazo, Galicia conta dende hai uns anos co dominio .gal, que nos permite difundir a nosa identidade, dicirlle ao mundo que somos un pobo cunha lingua útil, chea de vida, con futuro. Este é o obxectivo que uniu a Real Academia Galega e a asociación PuntoGal no concurso de **microrrelatos** convocado en febreiro de 2018 por ambas as entidades, unha frutífera iniciativa na que participaron preto de 400 persoas de todas as idades e residentes en catro dos cinco continentes. Os que se presentan aquí son os cinco gañadores, cinco relatos que nun máximo de 200 palabras amosan que a nosa lingua é un poderoso vehículo para transmitir calquera mensaxe. Cinco microrrelatos que constatan tamén que, na era da comunicación dixital, seguimos a ser un pobo que sempre soubo contar historias.

1º Premio

## ODIO AS MANS FRÍAS

**Silvia Camesella**

Odio as mans frías. É unha aversión adquirida. Con sete anos. Na casa da miña avoa. No cuarto do meu tío. Púxome as súas mans frías nos beizos: "Chissss". Aquela sensación instalouse na miña alma.



Silvia Camesella (Nigrán, 1986) é xornalista. Traballou en medios como *Faro de Vigo* e en entidades como o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade. Actualmente xestiona a comunicación integral de distintas empresas.

2º Premio

O MILAGRE

## Héctor Cajaraville

Quedoulle chantada no medio e medio da fronte. Condenadas bombas, repetía a nai na sala de espera, para que as seguirán botando? Xusto foi mirar o neno cara a arriba e unha daquelas canas caeu coma un lóstrego para atravesarlle os osíños a se formar. Levalo ao hospital, imposible: calquera desprazamento pode resultar mortal. Urxe facer algo. No centro de saúde da vila apenas hai medios nin materiais, pero contra os prognósticos máis agoireiros o médico de garda extrae a cana sen causar dano ningún. Cando veñen con meniño de volta, malia a vendaxe aparatosa a familia respira aliviada. O sorriso franco do celador. O doutor Fontán, que é un artista. O noso anxo de garda. Nin marca lle vai quedar, xa verá. Xusto entre os dous lóbulos, un caso entre mil. A nai quere entrar para bicar as mans do salvador. Ao chegar á porta fica inmóbil. Desde o instituto non o viu máis, pero non ten dúbida: Estevo bóla de sebo. Fontán cu de marrán. Oink, oink, oink. A vergoña pódelle máis que o desexo de agradecer o milagre. Morde os beizos con rabia, aperta o fillo no colo, dá volta e regresa onda o resto da familia.



Héctor Cajaraville (Santiago de Compostela, 1974), xornalista e autor, entre outras, das novelas *De remate*, *Denébola a roxa* e *O segredo da casa de Formoso*.



## 3º Premio

## COUSAS QUE PASAN

### Ceres Serea Manso

Todo o mundo o sabía mais ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada. Pasou. Como cada ano por esas datas, ou por outras, que tanto ten; porque todo o mundo o sabía, pero deixárono pasar.

Pasou. Como pasan os días, as estacións, os anos e coma tantas outras veces nas que o sabían pero ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada.

Pasou. Como tiña pasado. Todos o sabían, todos o sabemos, pero ninguén dixo nada, e o que o dixo non fixo nada.

Pasou. Tal e como seguirá pasando. Todos o saben, todos o sabemos, pero ninguén di nada, e o que o di non fai nada.

Pasou. E agora a xente fala, falaban xa antes? Non importa, porque todo o mundo o sabía; todo o mundo o sabe, todo o mundo o seguirá a saber; mais ninguén fixo nada, ninguén fai nada e ninguén fará nada.

E cando pase, que pasará, arderemos por dentro; coma arde fóra. E haberá manifestacións, homenaxes e honras; e todo serán boas intencións, promesas e novas.

Pero pasarán os días, as estacións, os anos e coma tantas outras veces alguén dirá algo, pero ninguén fará nada.

Ceres Serea Manso é historiadora da arte e especialista en museos e recursos patrimoniais. Interesada na aplicación da tecnoloxía na divulgación do patrimonio.



3° Premio

DESEXO CONCEDIDO

Nee Barros

Que todo volva ser coma antes, di a fada madiña axitando a súa variña máxica. Os libros retornan aos seus andeis, o chan seca e os centos de cristais espaxados vólvense xuntar, como por encantamento, reconstruíndo unha botella. Mamá reincorpórase e a botella voa polo aire ata a man de papá, que sae pola porta para non volver xamais.



Nee Barros naceu en 2002 en Ourense pero actualmente vive en Marín. Gañou premios de literatura e audiovisual. Escribe teatro, relatos (no blog *Cuentos mal contados*) e quere ser dramaturgo.

**3° Premio**

**UNHA HORA**

**Teo Alonso**

Só teño unha hora. Todo o meu corpoponse a lume de biqueira, corro, salto, brinco, río, enfádome, botonazo por aquí, por alá... Acabouse! Dinme dende a cociña... caio esgotado e suado no sofá... Ata o sábado non volvo a ter unha hora de consola. Que inxustiza!



Teo Alonso Vidal (Vigo, 2007) é un grande afeccionado á lectura e aos deportes. Pertence ao Club Natación Rías Baixas e ao de xadrez Vila de Bouzas. Encántanlle os videoxogos e ler cómics manga.



